

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32008941	IES Eduardo Blanco Amor	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

O IES Eduardo Blanco-Amor é un centro urbano situado na cidade de Ourense. O rateo dos grupos de 3º de ESO é de 24 alumnos/as excepto 3º ESO D que ten 20 alumnos/as.

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas á posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cinema, da publicidade, da internet etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, pola súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Neste nivel educativo a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado. Na súa vertente cognitiva, a atención, a percepción, a memoria, a análise, os elementos propios da linguaxe musical e a contextualización das producións musicais, xuntamente co traballo da parte máis física relacionada coa práctica vocal e instrumental, o desenvolvemento psicomotriz fino, a mellora da lateralidade, da respiración e da posición corporal, son parte inherente do proceso de desenvolvemento da sensibilidade emocional, da empatía, do respecto cara á diversidade cultural, que se traballa a través da escoita activa, da creación e da interpretación musical.

Ademais, a materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa.

A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, e ademais contribúe a un ensino integral e axuda na maduración do alumnado.

As cinco UD desenvólvense ao longo dos tres trimestres para seguir un aprendizaxe constructivo nos contidos das mesmas.

A materia de Música en 3º ESO desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e fianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

A materia de Música en 3º ESO impártese en castelán.

En 3º ESO, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro, contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Contextos culturais	Coñecemento dos distintos estilos musicais.	40	40	X	X	X
2	Linguaxe musical	Coñecemento dos distintos elementos da linguaxe musical.	10	8	X	X	X
3	Audicións	Identificación de obras musicais e das súas características e peculiaridades.	10	9	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Exame Oral	Tratamento de pezas vogais e/ou instrumentais.	20	8	X	X	X
5	Traballo diario	Exercicios, chamadas de clase, traballos...	20	5	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Contextos culturais	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñece cun grao aceptable os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores.	PE	100
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observa cun grao aceptable os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expón, correctamente, con coherencia e claridade, cun contido suficiente e cun vocabulario apropiado, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identifica cun grao aceptable as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
2	Linguaxe musical	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identifica as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas.	PE	100
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Relaciona manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</p> <p>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.</p>

UD	Título da UD	Duración
3	Audicións	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identifica con coherencia e claridade, cunha terminoloxía adecuada e cun contido suficiente os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas.	PE	95
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establece correctamente, con coherencia e claridade, cunha terminoloxía adecuada e cun contido suficiente as conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas.		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explica cun grao aceptable, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Comenta correctamente, con coherencia e claridade, cun contido suficiente e cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.

UD	Título da UD	Duración
4	Exame Oral	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Lee cun grao aceptable partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	TI	100
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participa, con iniciativa, confianza e creatividade cun grao aceptable, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresa correctamente, con coherencia e claridade, cun contido suficiente e cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega cun grao aceptable técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpreta cun grao aceptable música a través da lectura de partituras do nivel adecuado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpreta cun grao aceptable pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.

UD	Título da UD	Duración
5	Traballo diario	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Planifica e desenvolve cun grao aceptable, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas.	TI	100
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participa cun mínimo de involucración na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Concrecións metodolóxicas:

Promóvese a aprendizaxe do alumno/a a través da súa propia investigación sendo o profesor/a unha guía na súa experiencia de aprendizaxe.

Ofrécese a posibilidade de traballar a diferentes niveis.

A audición é un elemento fundamental da educación musical. Ademais de acompañar a explicación dos contidos e as súas actividades con pequenas audicións, inclúense audicións pertencentes a épocas ou estilos diferentes, o redor das cales plantéxanse diferentes actividades.

A audición como proceso de ensinanza-aprendizaxe é unha experiencia perceptiva que conduce á interiorización e comprensión do fenómeno sonoro. Despois dunha primeira experiencia sensorial emotiva recoñecemos, identificamos, caracterizamos, comparamos, verificamos... Para facelo, o profesor/a céntrase na maneira na que é convinte escoitar, creando un ambiente de predisposición e de atención ante a audición, fomentando o hábito de escoitar atentamente e en silencio. O alumno/a debe saber en qué se debe fixar mentras escoita, por iso se propoñen unha serie de preguntas que debe contestar. Plantexándolle interrogantes estará activo e atento para que él mesmo descubra e elabore os conceptos.

A expresión musical é outro aspecto metodolóxico importante. Se interpreta a adaptación dalgunha das obras que se escoitaron ó longo da unidade ou se interpreta algunha obra proposta polo profesor. As obras poden ser interpretadas por un gran grupo ou por grupos reducidos. As partituras propostas están adaptadas a todo tipo de alumnos, interpretando partes de maior ou menor dificultade, para que poidan participar na interpretación conxunta da obra.

Nas actividades de interpretación musical vixilaremos a postura corporal: posición do corpo e das maos, coa cabeza situada xusto enriba da columna vertebral, evitando a tensión do pescozo e dos hombros, posturas encorvadas... Desta forma, utilizaremos o noso corpo de maneira saudable, como en calquera actividade cotidiá, e contribuiremos á competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

Na expresión vocal prestarase atención ó control do volume para non gritar; á expresión da emoción a través dos contrastes de intensidade e dinámica, á búsqueda tímbrica de cada voz, nunha tesitura nada forzada.

Ademais o traballo en equipo permite a participación activa de todo os/as alumnos/as cunha actitude aberta, interesada e respetuosa, unha oportunidade excelente para educar en valores e traballar coa competencia social e cidadá.

Tamén se farán actividades de búsqueda de información sobre un tema en internet. Mediante esta investigación o alumno/a saberá extraer a información que se lle solicita, aprender a usar diferentes fontes e, se é preciso, consultar na biblioteca máis cercana, ademais de internet.

Cada unidade remata cunha serie de exercicios, que aglutinarán e avaliarán as ideas máis importantes da unidade.

Estratexias metodolóxicas:

- Actividade inicial de motivación e evocación de coñecementos previos.
- Secuencias de aprendizaxe para o contido da unidade a partir da audición e a observación de exemplos.
- Actividades secuenciadas por niveis de dificultade e que facilitan o traballo de Competencias clave e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
- Actividades de aprendizaxe, práctica e aplicación dos mesmos nunha práctica colectiva.
- Diversidade no tipo de actividades.
- Potenciación da participación activa.
- Fomento da cooperación nos traballos grupais.
- Fomento da expresividade musical e a creatividade nas actividades de interpretación, improvisación e creación.
- Fomento da autonomía na adquisición de coñecementos.
- Aplicación e razoamento, traballo de Competencias clave, Intelixencias múltiples, proxectos, reforzo e afondamento.
- Recursos dixitais de diferente índole, empregando o soporte en CD e en DVD.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
4.2. Materiais e recursos didácticos

4.2. Materiais e recursos didácticos

- Equipo de música con CD, con control dixital de minutos e segundos e pletina
- TV, vídeo e reproductor de DVD
- Libro do alumno
- Caderno de actividades con actividades de reforzo
- Libro dixital para o profesor
- Platadorma dixital eCasal
- Materiais para fotocopiar
- DVD vídeo do material do Profesor de Editorial Casals
- Instrumentos do conxunto Orff, guitarra, e teclado
- Pizarra
- Material e soporte informático
- Fruta dulce
- CD de audio do Material do Profesor/a.
- Guía didáctica con actividades de repaso, ampliación e investigación.
- Caderno para ó alumno/a.
- Música II ESO LOMLOE de CASALS, EDITORIAL S.A., J. Colomé, D. Garea, M. A. Maestro.
- ISBN: 978-84-218-7385-4.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na ESO, ó principio de curso, faise unha proba de avaliación inicial de coñecementos previos sobre linguaxe musical para observar se os alumnos teñen os coñecementos precisos para abordar a práctica musical do curso que comezan. Se se detectan dificultades para o seguimento da práctica musical do curso que comezan, faranse actividades de repaso e de reforzo necesarias para afianzar as bases e coñecementos precisos que permitan abordar dita práctica musical.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	10	10	20	20	100
Proba escrita	100	100	95	0	0	60
Táboa de indicadores	0	0	5	100	100	40

Criterios de cualificación:

En cada avaliación 3º de ESO:

A suma de UD1 "Contextos culturais" + UD2 "Linguaxe musical" + UD3 "Audicións" valóranse cun 60% na nota de avaliación (que se traduce en 6 puntos) mediante exame/s escrito/s ou o que é o mesmo proba/s escrita/s. O profesor

determina se se fai 1 ou 2 exames escritos na avaliación: Se se fai un único examen escrito nunha avaliación éste valería o 60 % da nota de avaliación. Se se fan dous exames escritos nunha avaliación cada un valería o 30 % da nota de avaliación.

UD4 "Examen-oral" valórase cun 20% na nota de avaliación (que se traduce en 2 puntos).

UD5 "Traballo diario" valórase cun 20% na nota de avaliación (que se traduce en 2 puntos).

Nota de avaliación= exames: 80% (8 ptos) + traballo diario: 20% (2 ptos) = exame/s escrito/s 60% (6 ptos) + examen-oral 20% (2 ptos) + traballo diario: 20% (2 ptos) = 100% = 10 ptos.

NOTA FINAL: é a media aritmética das tres avaliacións.

O grao mínimo de consecución da materia de música corresponde a sacar un 5 na nota final.

Criterios de recuperación:

Recuperación:

Se tras a 1ª avaliación o alumno/a suspende:

Terá que facer proba de recuperación da materia dada na 1ª avaliación que consiste en: 75% examen escrito + 25% examen-oral.

Aclaración: se constrúe a nota soamente cos instrumentos de recuperación.

Se tras a 2ª avaliación o alumno/a suspende:

Terá que facer proba de recuperación da materia dada na 2ª avaliación que consiste en: 75% examen escrito + 25% examen-oral.

Aclaración: se constrúe a nota soamente cos instrumentos de recuperación.

Se tras a 3ª avaliación o alumno/a suspende:

Terá que facer proba de recuperación da materia dada na 3ª avaliación que consiste en: 75% examen escrito + 25% examen-oral.

Aclaración: se constrúe a nota soamente cos instrumentos de recuperación.

No caso de que o alumno/a suspenda a 3ª avaliación pero a media aritmética das tres avaliacións da aprobado queda a criterio do profesor/a facer recuperación da materia da 3ª avaliación ou non.

No caso de que a media aritmética das tres avaliacións dea suspenso o alumno/a terá que facer recuperación:

Para recuperar terá que facer proba de recuperación sobre os contidos das avaliacións que consiste en: 75% examen escrito + 25% examen-oral.

Aclaración: se constrúe a nota soamente cos instrumentos de recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Música pendente 3º de ESO:

Si o alumno lle queda pendente a música de 3º de ESO, terá que facer un traballo e un examen en cada avaliación. Os traballos consistirán en facer resumos de cada un dos contidos que hai en cada unhas das unidades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do libro de 3º de ESO, contidos e unidades que aparecen na programación de referencia de 3º de ESO do curso 2022-23. Os exames serán sobre ditos contidos das unidades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do libro de 3º de ESO que aparecen na dita programación de referencia de 3º de ESO do curso 2022-23, contidos que se reparten entre as tres avaliacións da pendente.

-Na 1ª avaliación: o traballo valerá o 20% da nota da 1ª avaliación e o exame valerá o 80% da nota da 1ª avaliación.

Nota da 1ª avaliación = traballo: 20% (2 ptos) + examen: 80% (8 ptos) = 100% = 10 ptos.

-Na 2ª avaliación: o traballo valerá o 20% da nota da 2ª avaliación e o exame valerá o 80% da nota da 2ª avaliación.

Nota da 2ª avaliación = traballo: 20% (2 ptos) + examen: 80% (8 ptos) = 100% = 10 ptos.

-Na 3ª avaliación: o traballo valerá o 20% da nota da 3ª avaliación e o exame valerá o 80% da nota da 3ª avaliación.

Nota da 3ª avaliación = traballo: 20% (2 ptos) + examen: 80% (8 ptos) = 100% = 10 ptos.

Nota final é a media aritmética das tres avaliacións.

No caso de que a media aritmética das tres avaliacións de suspenso o alumno/a terá que superar unha recuperación escrita final das avaliacións que teña suspensas, que consiste nun examen de recuperación escrito sobre os contidos da 1ª avaliación (no caso de que teña suspenso a 1ª avaliación e valerá o 100% da nota da 1ª avaliación) e sobre os contidos da 2ª avaliación (no caso de que teña suspenso a 2ª avaliación e valerá o 100% da nota da 2ª avaliación) e sobre os contidos da 3ª avaliación (no caso de que teña suspenso a 3ª avaliación e valerá o 100% da nota da 3ª avaliación).

6. Medidas de atención á diversidade

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Descrición do grupo logo da avaliación inicial.

Á hora de suscitar as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima do aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión do aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciales.
- Os desempeños competenciales prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento achega do grupo como conxunto, senón que tamén nos

proporciona información achega de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X		X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X		X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X		
ET.4 - Competencia dixital					X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial					X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X			X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade					X

Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que entan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non se teñen contempladas actividades complementarias nin extraescolares, salvo que apareza unha actividade de interese.	Non se teñen contempladas actividades complementarias nin extraescolares, salvo que apareza unha actividade de interese.	X	X	X

Observacións:

Non se teñen contempladas actividades complementarias, salvo que apareza unha actividade de interese.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Usáronse distintos instrumentos de avaliación: adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico; Metodoloxía empregada; Medidas de atención á diversidade aplicadas.
Metodoloxía empregada
2. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita: Metodoloxía empregada; Medidas de atención á diversidade aplicadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Combínase o traballo individual e en equipo. A organización xeral da aula e o aproveitamento dos materiais e recursos. O clima de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. A coordinación co resto do equipo docente e coas nais, os pais ou as persoas titoras legais.

Descrición:

1. Valorarase se se valorou o traballo diario. Se se fixo un ou dos exames escritos. E se se fixo un examen oral.
2. Varorarase se se plantean aos alumnos traballos sobre unha proposta musical (por ex. sobre a vida e obra dunha compositor/a ou intérprete/s) que o teña que facer escrito a man e que o teña que ler en alto para os compañeiros.
3. Plantearase aos alumnos traballos nos que combinen a realización individual dunha proposta musical (por ex. sobre a vida e obra dunha compositor/a ou intérprete/s) coa exposición (por ex. en cartulinas ou carteis) en equipos de dous ou tres alumnos.
4. Hai reunións de docentes cando as marque o titor, aparte das avaliacións. Hai hora semanal de atención a nais/pais/titores legais.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En cada trimestre o departamento de música fai o seguimento da programación que se vai dando, e no caso de que non se cumpla o previsto para cada avaliación, ó inicio de cada trimestre fanse as modificacións pertinentes na temporalización para ir axustando a programación ó ritmo de aprendizaxe dos alumnos/as.

Ó remate de cada curso, o departamento de música acorda, se o considera necesario, modificacións na programación para o curso seguintes referentes a calquera aspecto da mesma, como por exemplo: os criterios de calificación, ou a temporalización, etc. Sempre tendo en conta a mellora da evolución da aprendizaxe musical dos alumnos/as.

9. Outros apartados

1. Outros apartados

Accións de contribución ao plan TIC Non temos TIC na aula de música.

Accións de contribución ao plan de convivencia: hai un plan de convivencia xeral de centro que aplicamos en todos os departamentos.

Accións de contribución ao proxecto lector: do total das sesións de clase de música que hai ó ano en 4º ESO, adícase o 10% ó plan lector. Trátase de lectura libre e non ten incidencia nas notas de avaliación nin na nota final.